



Escritora en galego, **Marilar Aleixandre** naceu en 1947 en Madrid. Ademais de poeta é unha prolífica e célebre narradora, tamén tradutora, guionista de banda deseñada, activista no feminismo e na defensa dos dereitos sociais. Alén diso, traballa como catedrática de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela, cidade na que reside. Hai menos dun mes, ingresou como membro da Real Academia Galega.

Poñendo o foco na súa obra poética cómpre dicir que o seu primeiro libro, *Catálogo de velenos* (1999) –que explora as relacións entre nai-madrasta e filla– acadou o Premio Esquíu. Publicou despois *Desmentindo a primavera* (2003), máis tarde *Abecedario de árbores* (2006), logo *Mudanzas* (2007) –unha reescrita das Metamorfoses desde a voz das mulleres, que acadou o Premio PEN Club de Galicia/Caixanova– a continuación *Ovella descarreirada* (2014) e, por último, o recentísimo *Describindo*, publicado en novembro de 2016. A súa poesía foi traducida ademais ao inglés, portugués, checo e chinés. Como narradora acadou, entre outros, os premios Álvaro Cunqueiro con *A compañía clandestina de contrapublicidade* (1998); o Premio Xerais e mais o San Clemente con *Teoría do Caos* (2001); o Merlín e o da Crítica Galega por *A expedición do Pacífico* (1994); o Lazarillo e o Lecturas por *A banda sen futuro* (1999); ou o Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, o Frei Martín Sarmiento e a inclusión na listaxe White Ravens da Biblioteca de Múnic por *A cabeza de Medusa* (2008), unha obra sobre a violación simbólica e social que segue á física.

AS CORDAS DO VIOLÍN

*repara:
as cordas do teu violín
arrincáronas das miñas tripas
para os cabos do mi
usaron tres cordas vocais
entregadas en troco
de dúas pernas*

*como todo no corpo das baleas
o catgut é versátil
pode vibrar creando
complexa harmonía
ou enfiado
suturar o corte
da cirurxiá*

(MARILAR ALEIXANDRE)

Luns 6 de febreiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2017



Julia Uceda





Julia Uceda naceu en 1925 en Sevilla e na mesma cidade se licenciou e doutorou en Filosofía e Letras. Traballou toda a vida como catedrática de ensino superior, inicialmente nas Universidades de Cádiz e Sevilla. Mais de Andalucía trasladouse –en 1965– á Universidade de Michigan, onde exerceu ata 1973. A ese periplo americano seguiríanlle tres anos máis en Irlanda, para rematar por instalarse en Ferrolterra, onde leva xa catro décadas.

Membro correspondente da Real Academia Sevillana de Buenas Letras e Filla Predilecta de Andalucía, como avezada crítica literaria dirixiu a revista “La Barca de Loto” e publicou recensións e ensaios en publicacións de España, Italia e Estados Unidos. Ademais, dende o seu traslado a Galicia dirixiu a prestixiosa colección Esquíu de Poesía, coordinando a versión castelá deste coñecido galardón literario impulsado dende Ferrol, a cidade que a nomeou Filla Adoptiva.

Traducida ao portugués, inglés, chinés ou hebreo, como poeta estreouse en 1959 con *Mariposa en cenizas desatada*. O seu segundo título, *Extraña juventud*, obtivo un accésit do Premio Adonais de poesía en 1962. Viñeron logo, entre outros, *Poemas de Cherry Lane* (1968), *Campanas en Sansueña* (1977), *En elogio de la locura* (1980), *Del camino de humo* (1994), e foi a primeira muller en acadar o Premio Nacional de Poesía, algo que ocorreu en 2003 coa antoloxía da súa obra reunida *En el viento, hacia el mar*. O seu último poemario é *Escrito en la corteza de los árboles* (2013). Ademais, recibiu o Premio da Crítica Española en 2006, foille tamén outorgada a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes na última edición.

CERRADA DE MUJERES

*Sus ojos, lerdos,
arrastran babas de horas
en un desbarajuste de relojes
amontonados entre barro y piedrecillas
de nadas con mosquitos. Pisa,
zapatillas de nadie sabe cuándo, dónde
o ningún sitio. Y su sonrisa
se resbala del labio gordo y desbordado
y cae
desde otra sonrisa perdida por su aldea
a la que no regresará con veinte años.
Años que se dejó olvidados
en uno de los bancos del paseo.
La sonrisa
cómo se expande en el ser no siendo.
Picarona... aún vives,
aún oyes a los pájaros de entonces.*

(JULIA UCEDA)

Luns 6 de febreiro
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es

Poetas Di(n)versos 2017



Marilar Aleixandre

